

Disposición derradeira

Primeira.-Recursos.

Segundo o disposto no artigo 85.9º da citada Lei 9/2002, contra esta orde non cabe recurso en vía administrativa; non obstante, contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2005.

Alberto Núñez Feijoo

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 29 de xuño de 2005 pola que se convocan axudas públicas destinadas á adquisición de material educativo en galego polos centros escolares privados (concertados e non concertados) da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 14.3º, estipula que a Administración educativa de Galicia debe garantir que os alumnos vaian acadando un dominio, oral e escrito, similar dos idiomas galego e castelán, conforme van acabando cada un dos ciclos nos que o ensino do galego é obrigatorio.

Para conseguir este obxectivo, a mesma lei encoméndalle á Xunta de Galicia a regulamentación do uso desas dúas linguas oficiais en Galicia. No Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG do 15 de setembro), modificado polo Decreto 66/1997, do 21 de marzo (DOG do 3 de abril), régúlase o uso do galego no ensino.

Para tal fin, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria entende que os materiais que se empreguen nas áreas e materias impartidas en lingua galega estarán escritos normalmente en galego e terán a calidade científica e pedagóxica adecuada e, por iso, considera oportuno promover a adquisición de material educativo en galego, co obxectivo de que o profesorado e os alumnos dos nosos centros privados conten cos suficientes medios cara ao coñecemento e o uso do idioma.

Por todo isto,

DISPÓN:

Primeiro.-Esta orde vai destinada ao anuncio público de axudas para a adquisición de material

educativo en galego polo centros escolares privados (concertados e non concertados) da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.

Segundo.-A finalidade das axudas establecidas nesta orde é a de satisfacer os gastos de adquisición e/ou elaboración de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego. Queda excluída a adquisición de equipamentos de calquera tipo: ordenadores, impresoras, gravadoras, videocámaras, cámaras dixitais, etc.

Terceiro.-A adquisición de material educativo en galego financiarase con cargo á partida orzamentaria 07.06.353E.470.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, aprobados pola Lei 13/2004, do 29 de decembro, destinándose unha contía de 280.000 €.

Cuarto.

1. A solicitude para participar realizárase utilizando o formulario que figura como anexo a esta orde. Irá asinada polo director do centro, e mandarase á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente, sendo de aplicación o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación da solicitude por parte dos centros educativos será o dos 40 días naturais seguintes ao da publicación desta orde no DOG.

3. Canda a solicitude, presentarase como anexo unha memoria, asinada polo director do centro, na que se especifiquen os materiais que se pretenden adquirir, o importe estimativo destas adquisicións e a finalidade para a que están destinadas.

Ademais disto, xuntarase a seguinte documentación:

a) Certificación de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Economía e Facenda.

b) Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia tributaria do Ministerio de Economía e Facenda.

c) Certificado de encontrarse ao día nas obrigas sociais, expedido pola Tesouraría da Seguridade Social.

4. De observarse algunha falta ou deficiencia na documentación, serán requiridos os solicitantes, para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden os posibles erros ou ausencias de documentación. Se transcorrido este prazo, non se eliminasen as deficiencias observadas, as solicitudes arquivaranse sen máis trámite.

Quinto.-Para o exame e a avaliación das solicitudes constituirase en cada delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha comisión integrada por:

-O delegado provincial, quen a presidirá.

-Un representante do Servizo de Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega, da Dirección Xeral de Política Lingüística.

-Un/unha representante da Inspección Educativa.

-O/a xefe/a do gabinete de normalización lingüística.

-Un funcionario ou funcionaria da delegación provincial, que actuará de secretario.

Sexto.

1. Para a concesión das axudas destinadas á adquisición de materiais en galego o número de alumnos valorarase en cinco tramos, de maior a menor: A) máis de 800 alumnos; B) de 400 a 800 alumnos; C) de 200 a 399 alumnos; D) de 50 a 199 alumnos; E) menos de 50 alumnos.

2. Os centros de cada tramo poderán ser beneficiarios das seguintes contías máximas: treito A, ata 2.500 €; treito B, ata 2.000 €; treito C, ata 1.500 €; treito D, ata 1.000 € e para os centros do treito E, ata 500 €.

2. Excluíranse aquelas solicitudes que non se reciben dentro de prazo.

Sétimo.-Unha vez examinadas e avaliadas as solicitudes, as comisións provinciais presentaranlle as propostas de asignación de contías ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de reposición diante do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses.

As solicitudes entenderanse desestimadas de non recaer resolución expresa no prazo de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no DOG.

A relación dos beneficiarios e o importe da subvención outorgada a cada un deles publicaranse nos taboleiros de anuncios das delegacións provinciais e no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Política Lingüística.

Oitavo.-Antes do 30 de setembro de 2005, cada centro deberá ter remitido aos gabinetes de normalización lingüística das delegacións provinciais da

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a seguinte documentación:

1. Unha relación do material efectivamente adquirido.

2. Certificación do director do centro onde conste o compromiso explícito de que todo o material adquirido irá destinado aos fins para o que se solicitou.

3. Facturas orixinais, expedidas a nome do propio centro educativo, correspondentes aos gastos de material ocasionados pola realización das actividades por un importe igual, excluído o IVE, ao da axuda concedida.

4. Certificacións expresas de non ter contraída ningunha débeda, por ningún concepto, coa Xunta de Galicia, e de estar ao día nas obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.

5. Certificación orixinal na que consten os datos bancarios, selada e asinada pola entidade financeira.

6. Fotocopia do CIF do centro.

7. Declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ás distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos. A obtención destas axudas será compatible coa percepción da subvención regulada nesta orde sempre e cando a suma total de todas elas non sexa superior ao importe total do gasto realizado.

Noveno.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fará o pagamento a través das súas delegacións provinciais, logo da xustificación dos interesados, tal e como se indica na epígrafe 8ª.

2. O importe do crédito adxudicado non será superior ao 100% dos gastos orixinados pola adquisición dos materiais obxecto desta convocatoria.

3. Se o importe xustificativo fose inferior ao do crédito asignado, este minorarase porcentualmente.

Décimo.-A comprobación efectiva da adquisición do material levarao a cabo Inspección Educativa, consonte o disposto no artigo 11 do Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG do 15 de setembro).

Décimo primeiro.

1. A non entrega das certificacións e dos xustificativos de gasto, aos que fai referencia o artigo 8, no prazo sinalado, será causa de revogación do crédito asignado, e producirá como efecto a súa denegación para o ano seguinte.

2. A contía fixada na resolución poderá ser revisada se houberse alteración das condicións que se tivesen en conta para a súa concesión, de acordo cos trámites regulamentarios.

3. Establécese a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

4. Os beneficiarios quedan obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma galega, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Política Lingüística para ditar, no ámbito das súas compe-

tencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2005.

Celso Currás Fernández
 Conselleiro de Educación e Ordenación
 Universitaria

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO CONCESIÓN DE AXUDAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL EDUCATIVO EN GALEGO POLOS CENTROS ESCOLARES PRIVADOS (CONCERTADOS E NON CONCERTADOS)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED106D	DOCUMENTO COMUNICACIÓN
--	---	----------------------------------

NOME DO CENTRO EDUCATIVO		NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CONCELLO	TELÉFONO	Nº DE UNIDADES	Nº DE ALUMNOS

Don/Dona _____ director do centro antes mencionado,
COMUNICA:
 A adquisición de material educativo en galego destinado ás bibliotecas dos centros privados (concertados e non concertados) que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.

ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA CRÉDITO	CANTIDADE SOLICITADA
Adquisición de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego	_____

LEXISLACION APLICABLE <i>Orde do 29 de xuño de 2005 pola que se convocan axudas públicas destinadas á adquisición de material educativo en galego polos centros escolares privados (concertados e non concertados) da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.</i>
SINATURA DO DIRECTOR DO CENTRO _____ de _____ de 2005

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Resolución do 28 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se exime o consorcio urbanístico Barro-Meis da obriga de manter os postos propios de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

A Xunta de Goberno do consorcio urbanístico Barro-Meis adoptou o acordo de solicitar a exención do mantemento de postos propios reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, de conformidade co establecido na disposición adicional primeira dos seus estatutos.

Na súa virtude, a Dirección Xeral de Administración Local, en aplicación do establecido no artigo 4 do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, modificado polo Decreto 834/2003, do 27 de xuño, e no uso das facultades que lle confire o artigo 13 bis da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e a Orde do 12 de febreiro de 2003 sobre delegación de competencias, modificada pola Orde do 31 de outubro de 2003,

RESOLVE:

Primeiro.-Eximir o consorcio urbanístico Barro-Meis da obriga de manter os postos de secretaria, intervención e tesouraría, reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Segundo.-As funcións reservadas aos citados postos serán exercidas na forma prevista no artigo 26.3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pola Deputación Provincial de Pontevedra, segundo o establecido no artigo 5 do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderá impugnarse directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo o disposto no artigo 46 en relación co 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2005.

P.D. (Orde 12-2-2003 modif. pola do 31 de outubro)
Alfonso Rueda de Valenzuela
Director xeral de Administración Local

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 16 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Servimgal, S.L.

Visto o texto do convenio colectivo de ámbito interprovincial da empresa *Servimgal, S.L.*, (código de convenio nº 8200632), que se subscribiu coa data do 26 de abril de 2005, entre a representación da empresa e os representantes dos traballadores, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do devandito convenio colectivo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2005.

Antonio de la Hera Roldán
Director xeral de Relacións Laborais

Convenio *Servimgal, S.L.* 2005

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Partes contratantes.

O presente convenio colectivo foi negociado e subscrito pola empresa *Servimgal, S.L.* e os seus delegados/as de persoal co ámbito territorial e persoal que máis abaixo se indica.

Artigo 2º.-Ámbito territorial.

O ámbito territorial do convenio é o dos centros de traballo da empresa *Servimgal, S.L.* existentes na actualidade e mailos que se poidan crear.

Artigo 3º.-Ámbito persoal.

O convenio afecta a totalidade do persoal da lavandaría pertencente ao cadro de persoal da empresa, coas excepcións que a normativa vixente prevé.

Artigo 4º.-Vixencia e duración.

O convenio entrará en vigor o día do seu asinamento, sen prexuízo de que as condicións económicas sexan aplicadas a partir do 1 de xaneiro de 2005.

Terá unha vixencia dun ano e expirará o 31 de decembro de 2005.